

Os libros de texto da ESO ignoran cambio climático ou non aportan información relevante para a xuventude

Araceli Serantes Pazos boli@udc.es

Universidade da Coruña

Ante a cuestión de por que a xuventude está desmobilizada fronte á emerxencia climática, o alumnado de 1º de Educación Social da Universidade da Coruña analizou os libros de texto que utilizaron durante a súa formación na Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO) ou que están utilizando na actualidade o alumnado galego. A primeira conclusión que vivenciaron é a dificultade de atopar exemplares que aborden o tema: os poucos que o fan é dunha forma pouco significativa para seus destinatarios. A raíz desta evidencia, elaboraron unha exposición colaborativa que recollía algúns destes contidos textuais e iconográficos sobre cambio climático e presentaban alternativas a incluír para que a emerxencia climática resulte unha preocupación e una ocupación da xuventude.

A exposición está composta por 17 paneis dobres e interactivos, nos que se utilizaron as estratexias comunicativas da Interpretación do Patrimonio (IP) para chegar ao público obxectivo: o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación e o seu profesorado. Cada panel ten un único tema (expresado como frase-tema). Non se busca informar de forma exhaustiva sobre o quecemento global de orixe antrópico: o obxectivo é suscitar curiosidade e facilitar información para ter unha idea obxectiva sobre estes contidos, sobre o que están a ensinar os libros de texto, pero tamén sobre o que silencian (currículo oculto) para que os futuros profesionais da educación podan incidir na formación do seu alumnado baixo unha perspectiva crítica e comprometida, na liña dunha educación ecosocial. Búscase mostrar as carencias tanto como mostrar estratexias para resolvelas.

Respecto aos paneis interpretativos, constan de 6 niveis de información en cada un deles, así como de estratexias propias desta disciplina (IP) como o uso da interactividade, a provocación, a participación, a sorpresa, o misterio, o humor... O reto é contar en poucas palabras unha historia completa e relevante para quen a lee. Para a súa confección utilizáronse materiais de refugallo; acordáronse criterios comúns no deseño para outorgarlle certa unidade visual (tipografía, tamaño, cores...).

O proceso de deseño e elaboración da exposición se concreta en cinco pasos que responden ao enfoque e á composición, sendo a primeira a máis importante: (1) formación de grupos de até 6 persoas para analizar cando menos 6 libros; (2) análise de contidos textuais e iconográficos atendendo á proposta elaborada desde *Resclima* e elaboración de mapas conceptuais por grupos nos que sintetizan o resultado da análise de contidos; (3) elección o tópico do 1º panel interpretativo que aborda “que din os libros de texto”; (4) elección dun tópico para o 2º panel sobre “que deberían dicir” para que sexa máis relevante para o alumnado de secundaria; busca de documentación e elaboración da información; (5) montaxe dos paneis e dos recursos

interpretativos; os parágrafos auxiliares conteñen “artefactos” para atraer, motivar e dar maior información sobre o tópico.

Por último, esta exposición foi avaliada a tres niveis: polo propio alumnado, por persoas expertas e polas persoas que a visitaron. Presentamos algunhas destas valoracións.